

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 14 de decembro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, de clave LU/22/055.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 13 de decembro de 2022 realizouse a aprobación técnica previa do trazado do proxecto de mobilidade sustentable de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo, de clave LU/22/055.06, nos municipios de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Lugo, Meira, Outeiro de Rei, Riotorto, O Vicedo e Xove (provincia de Lugo), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, de clave LU/22/055.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, mediante escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que



calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente para o fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese este proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña), no Servizo de Infraestruturas de Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo) e nas casas dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Lugo, Meira, Outeiro de Rei, Riotorto, O Vicedo e Xove.

Así mesmo, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>, a seguinte documentación:

- A documentación íntegra do proxecto.
- Un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte
á cidade de Lugo
Clave LU/22/055.06

Nº	Referencia castratal	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI	Exprop. (m ²)	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo	Uso do solo	Bens afectados
Concello de Cospeito										
1	27015A05200136	52	136	Jacinto García Castro	***4133**	121	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
Concello de Lugo										
2	27900A45300080	453	80	Miguel Ángel Lamela Villar	***2042**	367	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
3	27900A46100232	461	232	José Sánchez Romay María Luz Sánchez Romay	***4622**	1	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
4	27900A46100234	461	234	María Antonia Figueroa Basteiro Manuel Figueroa Basteiro	***8025**	4	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
5	27900A46100235	461	235	Antonio Cabanas Tallón (hros.)	***0153**	27	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
6	27900A42300133	423	133	Consuelo Piñeiro Rodríguez	***3724**	35	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	23 m peche lousa
7	27900A40700700	407	700	Mercedes Seijas Fernández	***1145**	30	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
8	27900A40700699	407	699	Pilar Silvosa Bellón (hros.)	***0174**	23	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
9	27900A45000123	450	123	Ovindo Comuñas García María Luisa Rodríguez López	***8175** ***7091**	31	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
10	27900A45000124	450	124	Teresa Cedrón Doamo (hros.)	***8783**	14	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
11	27900A45000277	450	277	Jorge Molares Pardo Susana Carril Conde	***4581** ***7757**	8	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
12	27900A11200170	112	170	Tomás Mosquera Timiraos	***4944**	7	Solo rústico	Rural	Rústico	
13	27900A12700458	127	458	Xunta de Galicia	S1511001H	19	Solo rústico	Rural	Rústico	
14	27900A12700459	127	459	Francisco Gómez Escolante Carmen Pérez Pérez	***0931** ***2520**	13	Solo rústico	Rural	Rústico	
15	27900A13500836	135	836	Pilar Rodríguez Carreira	***7452**	83	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	





Nº	Referencia castratal	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI	Exprop. (m ²)	Clasificación urbanística	Sit. básica do solo	Uso do solo	Bens afectados
16	27900A14100121	141	121	Iria López Pardelas	***5712**	68	Solo rústico	Rural	Rústico	
17	27900A16500250	165	250	Estrella López Vázquez Amadora López Santaefemia	***9922** ***9240**	69	Solo rústico	Rural	Rústico	
18	001700900PH15D	---	---	Asunción Pozos Santos	***4926**	34	Solo rústico	Rural	Urbano	
19	27900A14200135	142	135	Asunción Pozos Santos	***4926**	10	Solo rústico	Rural	Rústico	
20	27900A13800150	138	150	Manuel Andrade Villar	***9994**	7	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	9,5 m ² peche bloques formigón
21	27900A54200137	542	137	María Pilar Villares Vila María Montserrat Villares Vila	***1694** ***5456**	106	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	35,48 m ² peche bloques formigón
22	27900A13100903	131	903	José Cerceda López	***2836**	29	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
23	27900F50200366	502	366	María Francisca Fernández Prado	***7542**	13	Núcleo rural	Urbanizado	Rústico	
24	27900A14200238	142	238	Agustín Fernández Castro María del Pilar Vila Blanco	***1325** ***7118**	56	Solo rústico	Rural	Rústico	6,16 m ² peche cachotaría
Concello de Riotorto										
25	27054B00501157	5	1157	José Manuel Granda Fernández	***2206**	88	Solo rústico	Rural	Rústico	
Concello do Vicedo										
26	7932508PJ0473S	---	---	Jesús Pernas Pigueiras	***5669**	51	Solo urbano	Urbanizado	Urbano	
27	7932509PJ0473S	---	---	Jesús Pernas Pigueiras	***5669**	5	Solo urbano	Urbanizado	Urbano	